

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019-20.

**INVESTIGACIÓN e TRATAMENTO DA INFORMACIÓN”
(2º ESO)**

IES de Rodeira. Cangas de Morrazo.

Data: 11 Maio 2020.

**No curso 2019-20 non se oferta INEIN ó alumnado de 2º ESO. En consecuencia.A
programación de referencia é a de 2018-19.**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019-20. “Investigación e Tratamento da
Información”. (2º ESO). IES de Rodeira. Cangas.**

ÍNDICE:

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1.- Estándares de aprendizaxe e Competencias imprescindibles.

Estándares de aprendizaxe:

A.-Procura de información:

INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.

INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información (concretado segundo o exposto nos estándares que seguen):

- a) INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
- b) INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo).
- c) INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
- d) INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.
- e) INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.

B.-Conversión de información en coñecemento: comprensión escrita e/ou oral, expresión escrita:

INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.

INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.

INEINB2.10.1. e INEINB2.10.2. Compara e contrasta a información recollida en distintas fontes informativas na rede, con outras fontes orais ou impresas.

INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos.

INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.

INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información

INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais.

INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.

INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.).

INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.

INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019-20. "Investigación e Tratamento da Información". (2º ESO). IES de Rodeira. Cangas.

INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.

INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc.

INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.

INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados

INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de internet, autoría de imaxes, etc.

INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

Considéranse competencias imprescindibles a **Competencia en Comunicación lingüística (CCL)**, a **Competencia en Autonomía persoal (CAA)** a **Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** (polo traballo de elaboración dun produto persoal), así como a **Competencia dixital (CD)** xa que a elaboración dun proxecto de investigación persoal require pescuda, manipulación da información e elaboración dun documento en formato dixital.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores.	<p>Criterios de avaliación: os vinculados cós estándares anteriormente mencionados.</p> <p>Procedementos: Trátase dunha materia que non se cursa no 2019-20. Todo o alumnado implicado atópase en situación de “Alumnado coa materia pendente de cursos anteriores”.</p> <p>Instrumentos: Os instrumentos postos en marcha no mes de Setembro de 2019, para a recuperación desta área eran:</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Proba de contidos teóricos: Exame (valor 4 puntos/10).2.-Elaboración dun traballo de investigación: “<i>A ría de Vigo, unha caixa de tesouros</i>”. (valor 6 puntos/10): <p>Debido á Situación Sanitaria actual,</p> <ol style="list-style-type: none">a.-Decídese eliminar a “Proba de contidos teóricos”, xa que non se dan as circunstancias idóneas para que poida ser realizada presencialmente no centro, con medidas de seguridade e hixiene.b.- Consérvase o traballo de investigación “<i>A ría de Vigo, unha caixa de tesouros</i>”. O seu valor máximo pasa a ser o total da cualificación: 10/10 puntos”. Prazo de presentación: 1 Xuño 2020. Non se admiten entregas fóra de prazo
Cualificación final	Valorarase o traballo sobre 10 puntos. O aprobado será un 5/10.

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019-20. “Investigación e Tratamento da Información”. (2º ESO). IES de Rodeira. Cangas.

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>No caso de que sexa viable a realización presencial dunha proba obxectiva, restableceranse os instrumentos de avaliación considerados ó comezo do curso 2019-20. En consecuencia, a proba extraordinaria de setembro consistirá en:</p> <p>1.- Exame de contidos teóricos: valor 4 puntos/10.</p> <p>2.-Elaboración dun traballo de investigación, a presentar, impreso, o mesmo día do exame: “<i>A ría de Vigo, unha caixa de tesouros</i>”. (valor 6 puntos/10).</p> <p>Non se admiten entregas fóra de prazo</p> <p><u>De persistir a situación actual de emerxencia sanitaria</u>, presentarase unicamente o traballo de investigación. O tema será o mesmo que na convocatoria ordinaria: “<i>A ría de Vigo, unha caixa de tesouros</i>”. O seu valor máximo de 10/10 puntos. O aprobado será un 5/10.</p> <p>Non se admiten entregas fóra de prazo</p>
--	--

<p>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</p>	
<p>Actividades</p>	<p>Ó ser unha materia pendente de cursos anteriores, as actividades propostas son de recuperación e repaso:</p> <p>1.-Solicítase a revisión da teoría de base do curso. Está habilitado “Foro de consultas” na “Aula Virtual” do IES de Rodeira para a resolución de dúbidas puntuais.</p> <p>2.-Requírese a elaboración dun traballo de investigación persoal, que puido ser comezado dende o mes de outubro.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p><u>Alumnado con conectividade</u>: emprego efectivo da “Aula Virtual do IES de Rodeira”: Curso: 2º ESO. “Pendentes de INEIN”. Entrega do traballo de investigación, como máximo, <u>o 1 de xuño 2020</u>.</p> <p><u>Para o alumnado sen conectividade (3 detectados)</u> o traballo de investigación será impreso e entregado:</p> <p>1- fisicamente no IES de Rodeira, en horario de mañá, se as condicións sanitarias o permiten, como data máxima o día estipulado na Aula Virtual para a entrega das tarefas, ou</p> <p>2.-mandado por correo postal urxente (Destinatario: Profesora de INEIN, ó enderezo postal do IES de Rodeira. Avenida de Ourense s/n. 36940 Cangas). Neste caso, o carimbo de correos, terá que ter, como data máxima, a do día fixado para a presentación virtual: <u>1 de xuño 2020</u>.</p> <p>En ningún caso se admiten entregas fóra de prazo.</p>
<p>Materiais e</p>	<p>Apuntamentos persoais do alumnado de cursos anteriores, relativos ás</p>

Adaptación Programación Didáctica. Curso 2019-20. “Investigación e Tratamento da Información”. (2º ESO). IES de Rodeira. Cangas.

recursos	<p>explicacións dadas na clase. Materiais virtuais elaborados pola docente e alumnado de xeito cooperativo.</p> <p>Recursos de natureza variada escollidos polo alumnado para a realización do traballo: fontes orais, libros, recursos virtuais (audio, vídeo, texto).</p> <p>Habilitada durante o curso presencial franxa horaria de resolución de dúbidas. Durante o estado de emerxencia, foi substituída pola creación de curso en Aula Virtual para atopar consignas, manter contacto coa docente, indicar dúbidas e presentar tarefas.</p>
-----------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>1.-O alumnado será informado mediante o “Foro de novas” sito nas “Aulas Virtuais” (Moodle) creadas para o seguimento da materia pendente de cursos anteriores.</p> <p>2.- Igualmente enviarase copia deste documento ás Titorías, coa finalidade de que o envíen as familias e/ou o alumnado.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.